

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 07 DE DECEMBRO DO 2023.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Sete de Decembro do Dous mil vinte e tres, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 30/11/2023

2.- REVISION DE PREZOS EXTRAORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN PÉRGOLA PARA ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e a UTE Canarga-Abeconsa para a realización do contrato de obras de construción de pérgola para estación de autobuses.

Visto que a UTE Canarga-Abeconsa é a adxudicataria do contrato de obras de construción de pérgola para estación de autobuses, en virtude do decreto de Alcaldía de data 1 de febreiro de 2021, por un importe de 284.707 euros, sendo obxecto posteriormente de modificación mediante decreto de Alcaldía de 11 de novembro de 2022, da que resultou un importe de 327.461,53 euros.



Visto o escrito presentado por UTE Canarga-Abeconsa con rexistro de entrada nº 13303 de data 11 de xullo de 2022 polo que solicita a revisión extraordinaria de prezos ao abeiro do Real Decreto-lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Visto o informe de intervención de 4 de decembro de 2023.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 05/12/2023, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar con carácter provisional a revisión excepcional de prezos do contrato de obras de construción de pérgola para estación de autobuses nos seguintes termos:

- A fórmula aplicable ao presente contrato, contida no Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obra e dos contratos de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, será a 811: Obras de edificación en xeral.
- Os importes resultantes da revisión de prezos do contrato que son susceptibles de ser calculados á data actual, tendo en conta os índices publicados polo INE ata marzo de 2023, son os seguintes:

CERTIFICACIÓN Nº	IMPORTE CERTIFICADO	IMPORTE REVISIÓN	INCREMENTO
ago-21	39504,81	42028,57	2523,76
sep-21	36288,2	38875,29	2587,09
out-21	25744,24	27800,62	2056,38
nov-21	68074,58	73983,55	5908,97
out-22	68160,04	80139,32	11979,28
dec-22	76940,09	89226,74	12286,65
xan-23	12749,56	14885,88	2136,32
TOTAL	327461,52	366939,984	39478,46

2.- Dar traslado a UTE Canarga-Abeconsa desta proposta por un prazo de 10 días hábiles para que presente as súas alegacións.

3.- No caso de que durante ese período de 10 días hábiles non se presenten alegacións, o presente acordo elevarase a definitivo.

4.- Aprobar o pago polo importe da revisión agora sinalada, de 39.478,46 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 453.60920.

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202311/463

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/11/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "REFORMA ALPENDRE PORTUARIO PARA ZONA ESPERA BUS (RIBEIRA)""



4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202311/480

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/11/2023. DECRETO: “Arrendamento de ben inmoble sito no número 17 da Rúa Mariño de Rivera, coñecido como “Colexio Mariño”, para o seu uso como arquivo municipal”

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202311/483

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/11/2023. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD, PLAN DE GESTIÓN DE RESIDUOS DE LAS OBRAS “REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. ACTUACIONES SOBRE LA ENVOLVENTE EXTERIOR.”. (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION”

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/042

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 01/12/2023. DECRETO: “FINALIZACIÓN NEGOCIACIÓN “CONTRATO DE OBRAS DE REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. REFORMA INTERIOR E INSTALACIONES.”. (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION”

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/072

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/12/2023. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SUMINISTRO DENOMINADO MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL EN PASOS DE PEATÓN DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA”

8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/073

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/12/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO ESCÉNICO DO NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA”

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Patricia Constantino Da Silva

Visto o escrito presentado por **Patricia Constantino Da Silva**, de data 28/11/2023 (Registro de entrada nº 27.534), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3,00 m. x 2,00 m.) de venda ambulante (churros), “no lugar de costume”, o día 01/01/2024

(Festividade de Fin de Ano).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Patricia Constantino Da Silva** para a instalación dun posto (3,00 m. x 2,00 m.) de venda ambulante (churros), “no lugar de costume”, o día 01/01/2024 (Festividade de Fin de Ano).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- LICENZA MUNICIPAL PARA OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: RÚA CARBALLEIRA, Nº 24, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ MANUEL AGRELO FIEIRA

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no **lugar de RÚA CARBALLEIRA, Nº 24, RIBEIRA**, da que é promotor **D. José Manuel Agrelo Fieira**.

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **27 de outubro de 2023**.

VISTO o **informe emitido** pola **enxeñeira municipal** o día **22 de novembro de 2023** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **541,83 €**.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **22 de novembro de 2023**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propón conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto de data 27 de outubro de 2023 e

VISTO o informe desta Secretaría Xeral emitido data **24 de novembro de 2023**, ós efectos previstos no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-CONCEDER a **D. José Manuel Agrelo Fieira LICENZA DE OBRAS (Nº 47/23)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na Rúa Carballeira nº 24, Ribeira en parcela con refª catastral nº 0423524NH0102S0001YH, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de xuño de 2023, Informe técnico xustificativo do cumprimento de normativa de día 24 de outubro de 2023 redactado por Dna. María Pilar García Alboreda, (arquitecto col. nº 2.188):



- Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 541,83 € para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".



- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



11.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: CRUXEIRAS, Nº 7, RIBEIRA. PROMOTORA: CARMEN BRIÓN LEMA

VISTOS os escritos presentados por **Dña. Carmen Brión Lema**, rexistrados de entrada os días **3 de xullo e 3 de novembro de 2023**, (Rexistro de entrada nº 16.170 e 25.546), mediante os que solicita licenza de obras para demolición de de vivenda unifamiliar sita no lugar de Cruxeiras nº 7, Ribeira en parcela catastral nº 0325816NH0102S0001FH, achegándose Proxecto de Demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 23 de xuño de 2023 redactados por D. José Manuel Gago Domínguez (arquitecto col. nº 2.938), así como Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 20 de xuño de 2023.

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto técnico municipal** con sinatura dixital o día **25 de agosto de 2023**.

VISTO o **informe emitido arquitecto técnico municipal** o día **13 de novembro de 2023** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **1.095,87 €**.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llanos y Orosa de data **14 de novembro de 2023**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto técnico de data 13 de novembro de 2023.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-CONCEDER a **Dña. Carmen Brión Lema**, **LICENZA DE OBRAS (Nº 48/23)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, sita no lugar de Cruxeiras nº 7, Ribeira en parcela catastral nº 0325816NH0102S0001FH,, nos termos do Proxecto de Demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 23 de xuño de 2023 redactados polo Sr. José Manuel Gago Domínguez (arquitecto col. nº 2.938)

- *Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 1.095,87 € en metálico ou mediante aval bancario para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.*

SEGUNDO.- A demolición iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso,*



- será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
 - *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
 - *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
 - *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
 - *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
 - *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
 - *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
 - *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
 - *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
 - *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



QUINTO.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
 - *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
 - *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación*

12.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN CON TALLER DE ARTES DE PESCA. LUGAR: RÚA CURROS, Nº 47, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ FRANCISCO SUÁREZ RUIZ

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN CON TALLER DE ARTES DE PESCA**, no lugar de **RÚA CURROS, Nº 47, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA**, da que é promotor **D. José Francisco Suárez Ruiz**.

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **13 de novembro de 2023**.

VISTO o **informe emitido** pola **enxeñeira municipal** o día **22 de novembro de 2023** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **187,53 €**.



VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **22 de novembro de 2023**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto técnico de data 22 de novembro de 2023 e

VISTO o informe desta Secretaría Xeral emitido data **22 de novembro de 2023**, ós efectos previstos no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-CONCEDER a **D. José Francisco Suárez Ruiz LICENZA DE OBRAS (Nº 49/23)** para **CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN CON TALLER DE ARTES DE PESCA**, na Rúa Curros nº 47, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0292910NH0009S, nos termos do Proxecto Básico e de Execución modificado asinado dixitalmente o día 9 de novembro de 2023 redactado por D. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (col. 2.633):

-Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 187,53 € en metálico ou mediante aval bancario para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de*



servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados



da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

13.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- A.S.P.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Brício, de data 01/12/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **A.S.P.**, mediante escrito de data 01/12/2023 (Rexistro de entrada nº 27.870).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María Francisca Vidal Regueira, de data 01/12/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **A.S.P.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **1.368,00 €**, en concepto de gastos de comedor escolar.

14.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

